


O CAMIÑO DA CRUZ DE XESÚS



O CAMIÑO DE QUEN DÁ A VIDA

O CAMIÑO DA CRUZ DE XESÚS

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo. Amén.
Gloria ó Pai, e ó Fillo, e ó Espírito Santo
como era no principio, agora e sempre eternamente. Amén.

Monición

A mensaxe da cruz de Cristo non se pode arredar da súa resurrección e exaltación. No evanxeo de San Xoán aparecen unidos o levantamento de Xesús na cruz e a súa exaltación e glorificación á beira do Pai. No momento da súa morte, Xesús pronuncia a palabra vitoriosa; "Todo está cumprido"

Segundo San Xoán, a cruz é, ao mesmo tempo o xuízo do mundo e dos seus poderes, inimigos de Deus. A cruz pon ao descuberto o pecado, a inxustiza e a mentira, e revela o amor, a xustiza e a verdade superiores de Deus. É a forza e a sabedoría de Deus.

Esta devoción do venres santo, do camiño da cruz, ha de axudarnos, non só a acompañar a Xesús, senón tamén, e sobre todo, a reflexionar cal é a nosa parte na cruz de Xesús e cal é a nosa actitude ante as nosas propias cruces.

VÍA CRUCIS

1ª Estación: 1 Xesús é condenado a morte



Proclámase a Palabra de Deus

“Entón Pilato soltoulles a Barrabás, e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen”.

Temos un pequeno silencio

Oración

Señor Xesús, que aceptaches esta sentenza inxusta para salvarnos; ti sabías que chegaría este momento porque ti camiñabas dando a vida. O teu amor é así de xeneroso; e a nosa covardía, moitas veces, semellante á de Pilato. ¡Axúdanos, Señor, a ser valentes e a non condenarte nunca máis cos nosos xeitos de vivir!.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

2ª Estación: Xesús carga coa cruz



Proclámase a Palabra de Deus

“E despois de faceren riso del, quitáronlle a túnica de cor púrpura e puxéronlle a súa roupa. Despois levárono fóra, para o crucificaren”.

“Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado da Caveira, que se di Gólgota en hebreo”.


Temos un pequeno silencio

Oración

Señor Xesús, fai que nas nosas mans e sobre todo nas nosas vidas acollamos con amor as cruces grandes e pequenas que na vida nos atopamos. Todas elas servirannos para entender o teu sufrimento e pór a nosa vida para servizo dun mundo mellor no xeito que ti o fixeches, Señor.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

3ª Estación: Xesús cae por primeira vez



Proclámase a palabra da igrexa

O Señor cae ao chan, baixo o peso da cruz, que, dalgunha maneira, mostra o peso dos nosos pecados, dos pecados do mundo. Os soldados fórzano para que se erga e, cheo de dor, esgotado, volve tomar a cruz.

Temos un pequeno silencio e rézase o Noso Pai

Oración

Xesús: Ti ensínasnos, así caído, que non sempre seremos capaces de camiñar de pé e animosos. Fai entón que nos recordemos de ti e saibamos tomar de novo a nosa cruz. E non só as nosas senón tamén as de todos os que non teñen forzas para erguerse, que non son poucos.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

4ª Estación: Xesús encontrase coas mulleres



Proclámase a Palabra de Deus

Ía tras del unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús volvéndose a elas, díxolle: -Fillas de Xerusalén, non choredes por min; chorade máis ben por vós e polos vosos fillos.

Temos un pequeno silencio

Oración

Xesús, entre aquelas mulleres estaría, sen dúbida, María, a túa nai. Agradeces que outros estean dispostos a compartir os teus sufrimentos, e máis aqueles que o fan por amar.

Que os nosos sufrimentos non signifiquen nunca que Ti te esqueces de nós, que as nosas dores sexan as dos que non lle viran as costas ás dos outros. Que nós coma as mulleres, coma María, saibamos ser fortes para compartir as dores dos demais e sexamos capaces de que os demais compartan as nosas.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

Canto: Na tardiña baixa da vida

5ª Estación: Simón de Cirene axuda a Xesús



Proclámase a Palabra de Deus

“Cando levaban a Xesús para o crucificaren, cadrou que por alí pasaba Simón de Cirene, que volvía da leira -o pai de Alexandro e de Rufo- e obrigárono a cargar coa cruz para que a levase detrás de Xesús”.

Temos un pequeno silencio

Oración

Xesús precisa axuda para levar a cruz, onte e hoxe. Que nós esteamos dispostos a converternos en axudantes de Cristo, e todos os que sofren neste mundo tomen conciencia de estar axudando a Cristo a levar a súa cruz, pois so así triunfarán de verdade.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

6ª Estación: A Verónica limpa o rostro de Xesús



**NO al abuso
sexual infantil!**

Detenerlo es tarea
de TODOS!!

Proclámase a palabra da igrexa

Son moitos os curiosos que miran a procesión de axustizados, pero poucos os que senten compaixón e pena de ver así a Xesús, e moito menos os que se deciden a achegarse a el e limparlle a suor e o po.

Só unha muller ten a decisión valente de facelo, e sen medo ás consecuencias.

***Temos un pequeno silencio
e rézase o Noso Pai***

Oración

O medo é unha actitude moi frecuente nos que nos dicimos discípulos de Cristo, cando a fe non é forte. O medo aparece cando temos que confesar a Cristo diante dos demais. Cristo dinos, tamén a nós:

- “Persoas de pouca fe, ¿por que temedes?”.

Señor aumenta a nosa fe para que te poidamos confesar sempre, tanto nas palabras coma nas obras.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

7ª Estación: Xesús cae por segunda vez



Proclámase a palabra da igrexa

O camiño é enfeito. A Xesús fáltanlle as forzas: a cruz, o xuízo, os azoutes, as burlas, o non durmir. Non é quen de seguir dando pasos, o seu corpo está demasiado esgotado.

Temos un pequeno silencio

Oración

Sempre se nos dixo que estas caídas de Xesús han de recordarnos as nosas caídas, que son moitas máis. Habemos pedirlle a Xesús que nos dea forzas para que nos teñamos en pé, para que poidamos camiñar polos vieiros do evanxeo, ergueitos, sen caídas, sen negacións, porque confiamos nel. Que sexamos capaces de ofrecerlle as nosas mans a quenes están esgotados coma Xesús.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

8ª Estación: Xesús consola as piadosas mulleres



Proclámase a palabra da igrexa

Xesús sempre está disposto a consolar a aqueles que se unen aos seus sentimentos, que compadecen con el, que sintonizan con el. Non se trata dun sentimentalismo pasaxeiro e superficial porque cando un

sofre non é doado mirar para outros que sofren outro tanto.

Temos un pequeno silencio e rézase o Noso Pai

Oración

Señor Xesús, a nosa celebración do Via-Crucis é unha maneira continuada de sentirnos unidos aos teus gozos e ás túas penas. Que este camiño que hoxe compartimos contigo nos dea folgos para compartir con tantos homes e mulleres os seus pasos na vida, pois non sempre han ser pasos de triunfo, xustiza e paz.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

9ª Estación: Xesús cae por terceira vez



Proclámase a palabra da igrexa

Aí están de novo as caídas, as de todo o mundo, os odios, as mentiras, as violencias, as guerras, as marxinacións, as fames, as inxustizas; todo o mal que está presente na historia.

Temos un pequeno silencio

Oración

Señor, non seremos capaces de aliviar pesos, dores e sufrimentos? Queremos comezar por recoñecer humildemente que todos temos aquí a nosa responsabilidade. Despois, un acto de conversión, de cambio, de renovación no noso pensar, no noso falar e no noso obrar. Señor xa sabemos o camiño, axúdanos ti a facelo erguendo a quen non pode camiñar máis.

Cristo hoxe caes nos irmáns que sofren. Nós estamos para levántalos a unha vida mellor.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

10ª Estación. Xesús espido dos seus vestidos



Proclámase a Palabra de Deus

“Entón os soldados, cando crucificaron a Xesús, colleron a roupa del e fixeron catro partes, unha para cada soldado, e maila túnica. Era a túnica sen costura, tecida dunha peza de arriba abaixo”.

Temos un pequeno silencio

Oración

O feito de encontrarse unha persoa espida produce a sensación máis radical da pobreza. O que non ten nin vestido, non ten nada; fáltalle o signo externo de ser alguén. O home sempre quixo ser máis, sobre todo pola súa maneira de vestir. Cristo danos aquí, coma no seu nacemento un exemplo de aceptación da pobreza, de que a grandeza da persoa non está nas cousas, nin no vestido, senón na capacidade interior de amar a Deus e aos irmáns. É rico quen ama moito. Señor axúdanos a amar.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

Canto: Na tardiña baixa da vida

11ª Estación: Xesús cravado na cruz



Proclámase a Palabra de Deus

“Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: O rei dos xudeus. Con el crucificaron tamén a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda”.

Temos un pequeno silencio

Oración

Outra vez a nosa responsabilidade na crucifixión de Xesús, e outra vez está repetida e actualizada en tantos crucificados. Quizais sintamos o feito histórico da crucifixión de Cristo, pero non así a actualidade de tantos irmáns nosos crucificados polos que gobernan, polos que mandan, por nós mesmos. A paixón de Cristo sempre é actual neste mundo crucificado.

Señor que a túa cruz nunca pase de balde nas nosas vidas e no noso xeito de vivir.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

12ª Estación: Xesús morre na cruz



Proclámase a Palabra de Deus

“Pero Xesús, dando un berro moi alto, morreu. O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba diante, oíndo o grito que deu ao morrer, dixo: Verdadeiramente este home era Fillo de Deus”.

***Temos un pequeno silencio
e rézase o Noso Pai***

Oración

O sufrimento de Deus na cruz fai que os cristiáns teñamos que botar man das cruces dos demais e loitar, sempre, por evitar ou minguar o seu sufrimento. Pero, a pesares de todos os nosos esforzos, aínda quedará moita dor que non poderemos aliviar. Será entón, Señor, cando a cruz nos reconforte “esperando contra toda esperanza”.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

13ª Estación: Xesús nos brazos de María



Proclámase a palabra da igrexa

A Virxe María recibe nos seus brazos o corpo destrozado de Xesús, recordando, sen dúbida, aquela primeira vez que o tivo, neno recién nacido, en Belén. Sente a dor máis desgarrada dunha nai, ao ver o seu fillo así, pero non deixa de confiar.

Temos un pequeno silencio

Oración

Señor, mirando para nai María, somos quen de darche as grazas porque ela foi capaz de acoller nos seus brazos a Xesús, e así mesmo queremos agradecerche a todas as persoas que na súa vida acollen cos brazos abertos aos máis necesitados, aos que non teñen a ninguén, aos que son asoballados, aos que son desprezados. Señor que nós sexamos quen de ir pola vida ofrecendo acollida aos demais.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

14ª Estación: Enterran o corpo de Xesús

Proclámase a Palabra de Deus



“Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume sepultar entre os xudeus, enfaixárono en panos, con aromas. No sitio onde crucificaran a Xesús había un xardín, e no xardín un sepulcro novo, do que aínda non usara ninguén. Puxeron alí a Xesús.

Puxeron alí a Xesús, por mor da preparación dos xudeus, pois o sepulcro estaba cerca”.

Temos un pequeno silencio

Oración

Xesús dixera: “Se o gran de trigo non morre, non dará froito”. El é agora, no sepulcro, ese gran enterrado que nos dará a espiga maravillosa da súa e da nosa resurrección. Polo bautismo estamos incorporados á morte de Cristo. Cada momento e cada día do cristián ten que ser un pouco morrer a nós mesmos e ao mundo, para resucitarmos con Cristo.

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

Canto: Na tardiña baixa da vida

15ª Estación: O sepulcro está aberto

Proclámase a Palabra de Deus



“María, a Magdalena, foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo, díxolles:

-Colleron do sepulcro ó Señor, e non sabemos onde o puxeron.

Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ó sepulcro. Cando chegaron, Pedro entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Pero o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, viu e creu”.

Temos un pequeno silencio

Oración

Se morremos con Cristo, tamén con El viviremos. O camiño non remata na frialdade do sepulcro, senón na firme esperanza na resurrección de Cristo, que chegará co sepulcro aberto.

Señor, a vida non queda enterrada cando a facemos crible nos camiños de amor e de paz que Ti nos ensinaches. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

-Adorámoste Cristo e bendicímoste. Pola túa cruz redimiches o mundo.

ADORACIÓN DA CRUZ

Monición

A realidade que este venres santo quere ser recoñecida é a realidade do mundo da morte e da cruz. Na vida, non andamos cos ollos pechados, ben sabemos das dificultades que moitos teñen para chegar a fin de mes co que gañan, ben sabemos de persoas que se senten soas, enfermas, marxinadas...

Agora, a cruz que contemplamos quere ser mostra da nosa solidariedade, co noso pouco ou moito queremos que todas as cruces e mortes sexan vida, só así ten senso que agora durante un momento en silencio contemplemos a cruz, mirando nela a Cristo na súa maior demostración de amor, pois El ama ata dar a vida.

Contemplemos a cruz.

(Silenzo)

PREGARIA UNIVERSAL

Monición

Compartamos agora a nosa oración, na solidariedade de Xesús, con todas as persoas que non poden percibir a vida coma don, gratuidade e amor, e si a viven como sufrimento, tristura e dor.

É verdade que o ser humano ten no seu corazón non só a capacidade de amar, perdoar e acoller; senón tamén a de facer dano matando, odiando ou maltratando.

Que cada un dos que estamos aquí saibamos vernos no rostro do Deus para quen a cruz é paso cara un camiño novo: a vida na resurrección.

Agora dirixímonos a ti, Señor, para lembrar a cantos no noso mundo non son escoitados nin dignificados, e dicímosche: **ÉNCHENOS SEÑOR DO TEU AMOR**

♣ Polos que viven a dureza da enfermidade

+ Énchenos Señor do teu amor

♣ Polos anciáns, tantas veces esquecidos nas nosas sociedades ricas e opulentas

♣ Polos refuxiados, excluídos e perseguidos simplemente por ser pobres, e case sempre dos países máis empobrecidos

♣ Polos que teñen que emigrar deixando familia e raíces

♣ Polos que non teñen traballo ou buscándoo desesperados non o atopan

♣ Polos que perderon a un ser querido

♣ Polos que son vítimas de accidentes

♣ Polos que están ou se senten sos

♣ Polos que non atopan sentido as súas vidas

♣ Polos nenos orfos, os da rúa, ou os explotados no traballo

♣ Polas mulleres despoixadas da súa dignidade e que viven violencia no fogar

♣ Polos que sofren os horrores da guerra, da tortura, do terrorismo

♣ Polos que morren de fame e miseria

♣ Por todos os que se senten fracasados e desesperados

Oración

Esta, Señor, é a nosa oración. Por enriba de crenzas relixiosas, razas, xeito de pensar... en todo o mundo hai persoas que non son felices, por iso agora poñémolas diante de Ti, para que poidas darlles o amor e a dignidade que nós non soubemos darlle coa nosa maneira de comportarnos. Neste noso mundo tan cheo de prexuízos e falta de humanidade queremos nós ofrecer o compartir, porque Ti, Señor, énchesnos de amor, e vives e reinas entre nós por sempre eternamente. Amén.

COMUÑÓN

Monición

Entramos na última parte da celebración, e aínda que non celebramos a eucaristía, repartirase entre todos nós o pan que sobrou da última cea de onte. É un pan que se reparte entre a amargura e a tristura da morte do Señor, pero que ten o doce sabor da Resurrección, da vitoria da vida sobre a morte.

Repártese a comunión

DESPEDIDA

Monición final

Acabamos de celebrala Paixón de Xesús, a súa pascua “pasou” pola entrega, pasou pola cruz.

Con esperanza contemplamos a cruz, sabemos que dela nace a Vida, vén a Resurrección.

Esta cruz, este venres santo non tería sentido sen a Resurrección de mañá.

Neste momento de espera contemplemos o sepulcro no que repousa Xesús.

***Que o Señor nos bendiga,
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna.
Amén***